

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS (FEGEREC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DESTINADAS A MELLORAR A SITUACIÓN DE SAÚDE E CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS AFECTADAS DE ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DOUTRA: Dona Francisca Luengo Milara, presidenta da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (FEGEREC) con NIF: G-70218128, que actúa en nome e representación desta,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de toda as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en toda as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo o artigo 14 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as persoas diagnosticadas de enfermidades raras ou de baixa incidencia na poboación son un colectivo que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial correspóndelle a análise dos recursos sociosanitarios existentes nas áreas e a reordenación destes, así como as funcións de desenvolvemento de programas entre os diferentes recursos, a coordinación e as prestacións sociosanitarias dependentes doutras institucións e administracións.

SEGUNDO.- Que entre as actividades de “FEGEREC” se atopan aquelas que teñan como finalidade promover a integración e a mellora da calidade de vida dos colectivos afectados por enfermidades raras e crónicas de baixa prevalencia, de orixe neuromusculoesquelético, e as súas familias.

Dentro dos seus obxectivos atópanse as seguintes actividades:

- Estimular e apoiar o establecemento de bases documentais sobre a incidencia e prevalencia destas enfermidades na Comunidade Autónoma Galega.
- Sensibilizar á opinión pública e ás administracións dos aspectos relacionados con estas enfermidades, tanto en implicacións de tipo social e laboral, como económicas, promovendo cambios de actitude que permitan unha mellora da súa calidade de vida.
- Facilitar e difundir información sobre estas enfermidades a enfermos e familiares, co fin de acadar un mellor coñecemento e unha maior implicación pola súa parte.
- Promoción e creación de entidades ou grupos de traballo que estuden e traballen en prol das enfermidades raras e crónicas.
- Axudar a enfermos e familiares na atención sociosanitaria dende un enfoque multidisciplinar e integral.
- Potenciar canles de información e sistemas de axuda para as asociacións integrantes da federación co fin de promover a súa plena integración social na familia, o ensino, o ámbito laboral, o tempo de lecer..., así como a eliminación de todo tipo de barreiras que faciliten a integración das persoas afectadas.
- Cooperar con outras entidades con igual ou similar finalidade para acadar cambios de actitude social que permitan unha mellora na calidade de vida destas persoas.

TERCEIRO.- Que FEGEREC foi constituída o 14 de xullo de 2009 e actualmente está integrada polas seguintes asociacións:

- Asociación Coruñesa de Esclerosis Múltiple
- Asociación de Galicia de Afectados de Retinosis Pigmentaria
- Asociación Galega de Ataxias
- Asociación Gallega contra la Atrofia Muscular
- Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica
- Asociación Gallega contra la Fibrosis Quística
- Asociación Galega de Linfedema
- Asociación Galega de Lupus
- Delegación Gallega de la Asociación Española de la Enfermedad de Behçet
- Delegación Gallega de la Asociación Nacional Amigos Arnold Chiari
- Asociación West Galicia

CUARTO.- Que ambas as dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para o desenvolvemento dun programa que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades destinadas a mellorar a situación de saúde e calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades raras e crónicas, no ámbito de actuación de FEGEREC.

QUINTO.- A Federación galega de enfermidades raras e crónicas (FEGEREC), cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiaria recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo iso, formalizan este convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento dunha serie de actividades que permitan favorecer o acceso de persoas que padecen unha enfermidade rara e residentes en localidades alleas á sede de FEGEREC, á rehabilitación fisioterapéutica a través de

profesionais con experiencia neste tipo de doenzas:

- Proporcionar información ás persoas con enfermidades raras/crónicas e as súas familias sobre a patoloxía, os seus síntomas e as técnicas do seu tratamento
- Previr alteracións tróficas, complicacións respiratorias, alteracións muscoesqueléticas e outras problemáticas afíns ás enfermidades raras
- Acadar a máxima capacidade funcional e independencia nas actividades da vida diaria (AVD), logrando incrementar a calidade de vida de pacientes e familias

Para a obtención destes obxectivos traballaranse os seguintes aspectos:

- Alivio da dor
- Control da fatiga
- Mantemento dos rangos articulares libres
- Mantemento/Mellora do equilibrio e da marcha
- Traballo de coordinación e control postural
- Reeducación da musculatura perinea

I

As persoas ás que van dirixidas as actividades obxecto deste convenio deben ter diagnosticada ou estar pendentes dun diagnóstico de enfermidade rara, con dificultades funcionais susceptibles de mellorar mediante técnicas fisioterapéuticas específicas.

SEGUNDA.- A prestación dos devanditos servizos levarase a cabo por parte de profesionais e clínicas que se atopen o máis preto posible dos municipios onde viven as persoas usuarias e con suficiente experiencia e formación na abordaxe das técnicas fisioterapéuticas neste tipo de doenzas, permitíndose a subcontratación do 100% da actividade.

TERCEIRA.- A Federación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.

- b) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.
- c) Deberán ter actualizados os rexistros de tal maneira que poidan remitir á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial a actividade dos usuarios, con periodicidade semestral, facendo constar:
 - 1. Número de admisións e intervencións realizadas
 - 2. Actividades realizadas
 - 3. Así mesmo, enviarase unha relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, no seu caso, rexeitadas, indicando a razón do seu rexeitamento.
- d) Comunicar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.
- e) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos.
- f) Axustarse á normativa de aplicación en materia de protección de datos e as instrucións do Servizo Galego de Saúde sobre esta materia.

CUARTA.- Salvo que se xeren créditos adicionais co mesmo fin, o Servizo Galego de Saúde comprométese para levar a cabo o programa a achegar a cantidade de vinte e oito mil oitocentos sesenta e oito euros **(28.868,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **5001.413A.481.27**, co código de proxecto **201400028**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

No caso de que se produza un incremento de crédito derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación, elaborárase unha addenda para ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

QUINTA.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei de subvencións de Galicia.

O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou

ingresos non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEXTA.- A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, achegando por parte da asociación:

- Solicitude de pago anticipado.
- Unha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio.
- Declaración responsable sobre a titularidade da conta bancaria onde se vai a realizar o ingreso.
- Declaración responsable de atoparse ao día no cumprimento de obrigas tributarias e fronte á seguridade social, e de non ter ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma de Galicia, conforme ao modelo indicado no anexo 3.

Poderanse realizar pagamentos parciais até un máximo do 80% do importe total deste convenio (incluído o anticipo), a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de pagamento ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos segundo o anexo 1.

A data límite e improrrogable para presentación da documentación para os pagos parciais é o **15 de outubro de 2019.**

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada engadíndose, o importe do anticipo a conta, se é o caso.

De acordo co artigo 65.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SÉTIMA.- A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, achegando a seguinte documentación:

- Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes, segundo anexo 1.
 - Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.
 - Certificación da Federación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
 - Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
-
1. A xustificación de gastos deberá presentarse con anterioridade ao **1 de decembro de 2019**. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.
 2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
 3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do provedor para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).
 4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.

5. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada pola beneficiaria, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.
6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
7. Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

OITAVA.- Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o **1 de decembro do ano 2018 ata o 30 de novembro do 2019** e que contén coas seguintes características:

- a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.
- b) Que teñan a seguinte natureza:
 - b.1) Gastos do persoal laboral da entidade: custo total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social e IRPF.
 - b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.
 - b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía

bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros/as das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

NOVENA.- Con data límite do **15 de xaneiro de 2020**, a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décima.

DÉCIMA.- Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia cubrindo o procedemento electrónico denominado “PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTÉN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO (PR004A), dirixíndoas a atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMA PRIMEIRA.- Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da federación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a presidencia do Servizo Galego de Saúde será a competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA SEGUNDA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO TERCEIRA.- A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da asociación “FEGEREC” que realicen as actividades que constitúen o obxecto deste, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO CUARTA.- Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- A federación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2019**.

DÉCIMO SÉTIMA.- Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.

- O mutuo acordo entre as partes asinantes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

**POLA FEDERACION GALEGA DE
ENFERMIDADES RARAS E
CRÓNICAS (FEGEREC)**

Jesús Vázquez Almuiña

Francisca Luengo Milara

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDEADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0.00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0.00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0.00 €	

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1.- Asociacións que compoñen a federación no ano en curso (indicando nome da asociación, o seu representante, o CIF e a súa localización).

2.- Balance de ingresos e gastos da federación.

3.- Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.

4.- Número de consultas realizadas

5.- Número de actividades de rehabilitación realizadas

6.- Número de beneficiarios, indicando os que pertencen ao sexo masculino e ao feminino.

7.- Cubrir as fichas de indicadores remitidas dende a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

ANEXO 3: DECLARACION RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE									
RAZÓN SOCIAL								NIF	
TIPO	NOME DA VÍA					NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA			MUNICIPIO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX		CORREO ELECTRÓNICO			PÁXINA WEB DA ENTIDADE			
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).									
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)									
NOME/RAZON SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO		NIF	
EN CALIDADE DE									
DATOS BANCARIOS									
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.									
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
IBAN									
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:									
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:									
☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.									
☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:									
ORGANISMOS				ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA			
Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración. 2. Que a entidade solicitante, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes: a) Non están incursoas en ningún dos supostos sinalados como prohibición para obter a condición de beneficiario/a no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, declara que dispón da documentación acreditativa e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio. 3. Que de conformidade co establecido no artigo 69 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, se cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que se dispón da documentación que así o acredita, que se porá a disposición da Administración cando sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente á duración do convenio. 4. Que todo o persoal contratado que vai participar no proxecto non ten sido condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil, así como que as persoas voluntarias que van participar no proxecto e que están relacionadas con menores de idade, non teñen antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos/as, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias teñan sido ou poidan ser vítimas destes delitos, en aplicación do previsto no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.									
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE									
Lugar e data									
, de de de de									